

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

| | | | |
|---|---|--|---|
| Referencia axuda: Convenio SXAI 2023-2025 | | | |
| Título: "Convenio de Servizos Xerais de Apoio á investigación 2023-2025" | | | |
| Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i | | | |
| PERÍODO AXUDA: | INICIO: 01/01/2023 | FIN: 31/12/2025 | |
| CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía | | | |
| OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do convenio de investigación que se indica. Técnico/a de comunicación e divulgación científica | | | |
| LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 08:00-15:30 h | | | |
| GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1 | | | |
| CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC) | | | |
| Investigador/a asociado/a <input type="checkbox"/> | | Investigador/a en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG | |
| Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/> | | Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/> | |
| Técnico/a administrativo/a <input checked="" type="checkbox"/> | | Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/> | |
| XORNADA: | Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/> | Tempo Parcial: <input type="checkbox"/> | DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/11/2023 |
| TIPO DE CONTRATO: | Indefinido <input checked="" type="checkbox"/> | Duración determinada: <input type="checkbox"/> | DATA FIN CONTRATO: |
| RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.508,33 € brutos/mes | | | |
| PARTIDA ORZAMENTARIA: 0509442325 541A 6400000 | | | |

*O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

| |
|--|
| TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente |
| REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes |

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

| |
|--|
| LUGAR: Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic register) |
| Dirixidas á "Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia", coa Referencia da convocatoria |
| PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC |

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

| |
|--|
| COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Jaime Rodríguez González, M ^a Isabel González Siso y Óscar Huertas Rosales. Suplentes: Elena Pazos Chantretero y Daniel Torrecilla Cillero. |
| Secretaría de la comisión: Sonia Martínez (secretaría técnica del CICA) |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC |

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

| Código Seguro De Verificación | ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--|---------------|---------------------|
| Asinado Por | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández | | Asinado | 13/09/2023 10:48:45 |
| | Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González | | Asinado | 12/09/2023 15:29:28 |
| Observacións | | | Páxina | 1/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | | |



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 12 de setembro de 2023

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Fdo.: Salvador Naya Fernández e Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

| Código Seguro De Verificación | ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández | Asinado | 13/09/2023 10:48:45 |
| | Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González | Asinado | 12/09/2023 15:29:28 |
| Observacións | | Páxina | 2/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O CICA, o Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía, nace no seo da Universidade da Coruña (UDC) en 2015 co obxectivo de reunir grupos de alto impacto en química e bioloxía, favorecendo un modelo de investigación interdisciplinar e cooperativa.

Desde o 26/10/2021 é oficialmente acreditado como Centro de Investigación da UDC e como consecuencia da súa reestruturación, queda constituído por 30 grupos de investigación que se organizan baixo tres áreas estratéxicas: 1) Biomedicina, 2) Alimentación, Contaminación e Saúde e 3) Nanociencia e Materiais avanzados.

A especialización do centro, a expansión dos grupos e a incorporación de investigadores e investigadoras de talento trae consigo un aumento das tarefas de xestión e coordinación asumidas desde a Oficina de Xestión. Por outra parte, a propia actividade de divulgación e comunicación incrementou os proxectos que leva a cabo e necesita incrementar o persoal para poder abordar proxectos singulares como son os de FECYT. A persoa contratada integrase na dita Oficina como Técnico/a de comunicación e divulgación científica.

a. As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán:

- Xestión e coordinación de eventos de divulgación científica (cursos de comunicación/divulgación científica para o persoal investigador, visitas escolares, portas abertas, feiras, conferencias...).
- Realización e implantación do plan de comunicación e outros documentos necesarios para a convocatoria de centro de investigación SUG.
- Solicitude, xestión e desenvolvemento de proxectos de divulgación científica como poden ser os da FECYT.
- Visibilizar desde o punto de vista científico os resultados de investigación dos grupos do CICA.
- Elaborar notas de prensa sobre os proxectos dos grupos de investigación e do propio CICA, así como realizar o boletín mensual de noticias en coordinación coa Rede de Centros e a Oficina de Comunicación da UDC.
- Manter e actualizar o material promocional do CICA.
- Xestión da páxina web e mantemento das publicacións en redes sociais así como informes da súa actividade de forma mensual e anual.
- Monitorización das publicacións do CICA e cálculo dos indicadores de calidade das mesmas, trasladando a información a unha base de datos.
- Apoio para a organización de seminarios, conferencias, simposios, happy hours... tanto na modalidade presencial como *online*.

b. Requisitos e experiencia valorable do/da candidato/a:

- Licenciatura ou grao, preferiblemente en titulacións de ciencias da saúde/científicas/técnicas ou en ciencias da comunicación/xornalismo ou equivalente.
- Valorarase a formación en investigación e a súa participación en proxectos de investigación.
- Valorarase a formación de posgrao/máster en comunicación ou divulgación científica así como a formación non regulada neste ámbito.
- Experiencia en comunicación (notas de prensa, redes sociais, páxinas web), preferiblemente no campo científico e da comunicación institucional.
- Experiencia en divulgación científica: participación e desenvolvemento de proxectos de divulgación científica, impartición de conferencias, participación e xestión de eventos de divulgación.
- Experiencia na organización de eventos científicos: seminarios, conferencias, webseminars, charlas científicas...
- Nivel medio de inglés, equivalente a B2 ou superior.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

| Código Seguro De Verificación | ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández | Asinado | 13/09/2023 10:48:45 |
| | Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González | Asinado | 12/09/2023 15:29:28 |
| Observacións | | Páxina | 3/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/ckWJsOI f zSNXBwyg0qRWuA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



c. Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración):

O *curriculum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes numerados que figuran na seguinte táboa e será necesario achegar os xustificantes de cada un dos méritos:

| | CONCEPTO | PUNTUACIÓN | MÁXIMO |
|---|--|--|-----------|
| 1. TITULACIÓN ACADÉMICA | Licenciado/a ou graduado/a | -- | 10 puntos |
| | Licenciado/a ou graduado/a en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas | 10 puntos | |
| | Licenciado/a ou graduado/a en ciencias da comunicación, xornalismo, comunicación audiovisual ou equivalente | 8 puntos | |
| 2. FORMACIÓN | Máster en comunicación ou divulgación científica | 10 puntos | 10 puntos |
| | Asistencia acreditada a cursos e formación sobre comunicación e/ou divulgación científica | 0,1 puntos x 10 horas | |
| 3. EXPERIENCIA EN INVESTIGACIÓN | Grao de doutor/a | 5 puntos | 5 puntos |
| | Participación como investigador/a en proxectos de investigación | 0,1 puntos x mes traballado | |
| 4. EXPERIENCIA EN COMUNICACIÓN | Experiencia en comunicación e comunicación científica (noticias, notas de prensa, boletíns, web, redes sociais...) | 0,4 puntos x mes traballado | 14 puntos |
| 5. EXPERIENCIA EN DIVULGACIÓN CIENTÍFICA | Experiencia en divulgación científica (feiras, organización de eventos de divulgación, impartición de charlas, cursos, participación e xestión de proxectos de divulgación, xestión específica de proxectos FECYT...) | 0,5 puntos x participación en eventos de divulgación | 11 puntos |
| | | 2 puntos por organización e/ou xestión de proxectos de divulgación | 12 puntos |
| 6. EXPERIENCIA EN XESTIÓN E COORDINACIÓN DE EVENTOS CIENTÍFICOS | Experiencia en xestión e coordinación de eventos científicos (conferencias, seminarios, simposios, webinars...) | 0,5 puntos x evento | 8 puntos |
| 7. COÑECEMENTO DE IDIOMAS (INGLÉS) | Posuír un título que acredite un nivel equivalente ou superior a B2. | | 5 puntos |
| ENTREVISTA PERSOAL | Entrevista persoal os/as candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores (poderá establecerse unha nota de corte mínima de 40 puntos para acceder á entrevista). Parte da entrevista poderá ser realizada en inglés. | | 25 puntos |

NOTAS IMPORTANTES:

- *Presentar o currículo vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos. Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.*
- *Achegar a documentación xustificativa de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf (formación, experiencia, cursos, participación en proxectos, idiomas, etc.). Os méritos que no estean xustificados poderán non ser valorados.*
- *Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.*
- *Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.*
- *En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.*
- *No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.*
- *Poderase establecer unha listaxe de agarda priorizada das candidaturas avaliadas.*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

| Código Seguro De Verificación | ckWJsOI fzSNXBwyg0qRWuA== | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|--|---------|---------------------|
| Asinado Por | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández | | Asinado | 13/09/2023 10:48:45 |
| | Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González | | Asinado | 12/09/2023 15:29:28 |
| Observacións | | | Páxina | 4/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/ckWJsOI fzSNXBwyg0qRWuA== | | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | | |

